

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CEE NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE CEE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde firmou o día 29.12.2025 co Concello de Cee o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Modificar a data límite para a xustificación do gasto pendente de executar e prorrogar a vixencia do convenio, ata o 30 de xuño de 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que:

O 4 de xuño de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cee, no que se establecen as bases para a reforma do centro de saúde de Cee.

En virtude do previsto no convenio, o Concello de Cee redactou o documento técnico necesario para a execución das obras, licitou e adxudicou o contrato relativo á execución das obras

A cláusula sexta do convenio establecía como data límite para a xustificación dos gastos o 11 de decembro de 2025, e a cláusula décimo terceira fixaba a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2025.

Mediante escrito do 3 de decembro do 2025, o Concello de Cee achegou un informe do director facultativo da obra sobre o estado da súa execución, no que indica que, malia o avance conforme ao proxecto e aos pregos, se produciron incidencias que impiden a súa finalización no prazo previsto, quedando pendente arredor do 5 % da reforma.



A demora deriva, segundo o informe achegado polo Concello, das condicións climatolóxicas adversas, fundamentalmente as choivas rexistradas entre finais de outubro e comezos de decembro, que imposibilitaron a correcta execución dos traballos fachada e ocasionaron deterioro en revestimentos recentemente aplicados.

Segundo o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia dos convenios, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Polos motivos expostos, co fin de acadar o obxectivo previsto resultaba necesario, modificar a data límite para a xustificación do gasto pendente de executar e prorrogar a vixencia do convenio, ata o 30 de xuño de 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificando acudir á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

